

O teatro Rosalía de Castro recupera o seu ritmo



Páxina 8

Xogos inchables e acuáticos para dinamizar o comercio en Ourense



Páxina 9

A canceira de Ourense está en situación deplorable segundo o PSdeG



Páxina 10

A Xunta ubicará no mesmo edificio os catro xulgados do Social



Páxina 14

Aprobada a creación da comisión interdepartamental da Ribeira Sacra



Páxina 16



## A Xunta encarga as obras de conservación da igrexa do Colexio do Cardeal de Monforte

Páxina 12



## Opini3n

Por Jos3 Paz Rodrigues | (Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Acad3mico da AGLP)

# As sete m3fias que existem no mundo

Alguns chamam-lhes “lobbys”, porque 3 um termo como mais fino e tamb3m mais euf3mico. Eu prefiro cham-los pelo seu aut3ntico nome. A origem do nome e do nascimento da m3fia vem de It3lia e, em concreto, de N3poles e Sic3lia. De onde se estendeu 3 Sardenha e aos USA. E nas 3ltimas d3cadas 3 R3ssia e os seus antigos pa3ses sat3lites. A globaliza3n dos 3ltimos anos favoreceu muito a extens3o e o poder das m3fias por todos os pa3ses da Terra. E tamb3m por causa da infame pand3mia planet3ria que estamos a padecer, a causa de uma terceira guerra mundial promovida pelos “ianquis”, com armas qu3micas, tema no que j3 opinamos e coincidimos muitas pessoas.

Essencialmente s3o sete as grandes m3fias que existem no mundo, como se fossem as sete antigas pragas do Egipto, recolhidas na Hist3ria Sagrada e no Antigo Testamento. S3o t3o fortes, t3o infames e t3o poderosas que, ag3s o poder de uns sete governos de outros tantos pa3ses do planeta azul, t3m mais poder que o resto dos governos de qualquer outro pa3s dos cinco continentes. Fronte a estas sete poderosas m3fias, mais de 95 por cento dos governos que existem, n3o t3m for3a nem poder algum. S3o totalmente dependentes das mesmas. At3 esse grande pa3s que 3 a 3ndia, que eu conhe3o bastante bem, tem hoje um governo infame controlado pelos USA, que lhe pagou as despesas de toda a campanha eleitoral, obrigando-o a que compre armas, para o que t3m que eliminar muito do dinheiro dedicado a educa3n e saude, e destin3-lo 3 compra de tanques, barcos e avi3es de combate. E inclusive estas m3fias podem decidir governos, mud3-los, tir3-los ou implant3-los. E, o que 3 muito mais grave, para nada lhes interessam os seres humanos, a sua vida, a sua sa3de e a sua

felicidade. Resenho a seguir pela ordem da sua import3ncia e poder, segundo a minha opini3o, as sete grandes m3fias que temos que suportar hoje, no momento e na sociedade mundial atual.

1.- **M3fia das armas:** O poder da ind3stria armament3stica 3 imenso, t3o grande que a maioria das guerras de ontem e de hoje (e de amanh3) foram provocadas muitas vezes de forma artificial e artificiosa para dar “sa3da” aos arsenais armament3sticos. Infelizmente as armas n3o se fabricam para adornar as casas e os seus jardins ou as ruas das cidades. As armas s3o fabricadas para us3-las. Contra, muitas vezes, seres humanos indefesos, crian3as, mulheres e seres desarmados. Nas primeira e segunda guerra mundiais, na Coreia, o Vietname, Birm3nia, Sud3m, Guernica...e tantos outros lugares. No Iraque, Palestina, S3ria, Yemem, Afeganist3m. Amanh3 ao melhor no Ir3o, no Paq3st3o e na fronteira chino-indiana. O caso dos USA 3 um exemplo do que comentamos, participando na maioria dos conflitos armados que houve no mundo j3 desde o s3culo XIX, atirando as bombas at3micas em Hiroshima e Nagasaki em 1945. Mais tamb3m Israel, a R3ssia e a China t3m os seus neg3cios de arsenais, e mesmo Espanha. Hoje ningu3m discute que foi esta ind3stria infame a que colocou como presidente a um Trump, que at3 a sua sobrinha d3z que est3 louco, e tem imitadores como Bolsonaro, Johnson, Modi, Orb3n e outros.

2.- **M3fia das drogas:** O segundo grande poder 3 o dos c3rteres da droga e do narcotr3fico, com imenso atentado contra a vida e a sa3de f3sica e mental dos nossos jovens. Implac3veis no seu tr3fico pelo mundo, n3o perdoando vidas e provocando crimes infames. Pa3ses como a Col3mbia, a Bol3via, o Peru, o M3xico, Marrocos, o Afeganist3m, os pa3ses do

leste europeu e inclusive as nossas costas galegas, t3m sofrido e est3o a sofrer esta terr3vel praga.

3.- **M3fia do tr3fico de seres humanos:** Com imensas ramifica3es em todos os continentes. Traficando de maneira for3ada com crian3as, imigrantes e com meninas e mulheres, para for33-las a prostituir-se nos pa3ses europeus e em clubes e andares. 3 esta uma das m3fias mais estendida. Corrompendo a pol3ticos e pol3cias e inclusive a ju3zes.

4.- **M3fia de bancos e banqueiros:** A grave crise econ3mica atual est3 provocada pelos mercados, pelos banqueiros e pelos grandes bancos que existem no mundo. Favorecendo os para3sos fiscais e a evas3o de capitais. For3ando os governos a pol3ticas econ3micas anti-populares. Quando vemos o que ganham muitos bancos e banqueiros cai-nos o rosto de vergonha.

5.- **M3fia das tabaqueiras:** As que n3o lhes importa mais que ganhar grandes fortunas, embora pela causa do consumo de tabaco sejam muitos os seres humanos que morrem de cancro de pulm3o. N3o duvidam em publicitar os seus produtos venenosos e tampouco em pagar multas, pois o que ganham 3 muito mais.

6.- **M3fia das farmac3uticas:** Comprando na China e na 3ndia, a pre3os irris3rios, as mat3rias-primas necess3rias para elaborar as medicinas. E logo venderem-nas por um pre3o muito elevado. N3o favorecendo, pelo seu interesse, e n3o o da cidadania, a investiga3n cient3fica que possa eliminar o consumo de alguns dos seus medicamentos.

7.- **M3fia das petroleiras:** O caso no seu dia do Prestige, e mais tarde o da companhia inglesa no mar Caribe, que foi um grande desastre ecol3gico, 3 paradigm3tico do que assinalamos. Os pa3ses produtores controlam o mercado e os pre3os do cruado e provocam guerras para se fazer donos do ouro preto. 3 nestes pa3ses precisamente nos que mais corrup3n existe. Entre eles os pa3ses 3rabes produtores, USA, R3ssia, Venezuela, N3g3ria, Guin3, Indon3sia, todos exemplo



desta m3fia que n3o tem nenhum interesse em procurar outra energia para os nossos autos e avi3es.

Como lutar contra estas sete pragas e poderes t3o perigosos do mundo atual?

**Director:** Guillermo Rodr3guez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.

**Publicidade:** Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

**Fotograf3a:** Hern3ndez e departamento propio

**Dese3o e maquetaci3n:** Fran Eir3

**Colaboradores:**

**GALIZA:** Montserrat Rodr3guez – Porto Ucha – Raquel V3zquez – C. M3ixome – M. Xiraldez – P3rez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodr3guez – Jes3s T3mez Fern3ndez – Isidoro Gracia – Rafael Jos3 Adalid – Laura de C3ceres – Kiko Neves – Ram3n Mari3o – Manuel Est3vez.

**PAIS BASCO:** Nicol3s Xamarado.

**CANARIAS:** Fco. Pu3al.

**Fotograf3a:** Dpto. Propio.

**Humor:** Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Mar3n – Xos3 Manuel Fern3ndez Montes (Her-manager Produci3ns) – Ignacio Hortas – Francisco Pu3al – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.



## Galicia, eleccións e coronavirus

Nestes momentos sería normal que me laiaira polo resultado das eleccións do pasado Día 12-Xullo. De como os galegos voltamos a confirmar como cabalo gañador a quen leva xa máis dunha década “tomándonos o pelo” Pero, está claro, somos masoquistas. Así nos vai. Aquí non pasa nada; aquí non temos “procés”; aquí as rúas están molladas de tanto como choveu; aquí seguimos laiándonos pola pomba dourada no fondo do río que non somos quen de namorala.

Días pasados recibín unha chamada da miña libreira. Quería informarme que tiña alí un lote de libros para recoller. A verdade é que me tiña esquecido.

Obviamente, fun buscar os libros que, ademais de pesar uns euros importantes, tamén pesaban fisicamente. Ademais de libros tiña exemplares de “Le Monde Diplomatique” e de “El Viejo Topo”. Total, unha cantidade de información de todo tipo que xa me dá para falarlles a vostedes do divino e do humano. Sen embargo non quero deixar pasar estas datas tristes sen lembrar a Rosalía cando nos di que “a gaita galega non sabe se canta, se chora”; ou a Novoneyra cando nos “Alalás encadeados” escribe: “É xa hora de que señas// Terra patria dos teus //dos que gardaron a fala // en que máis se dixó adeus //e señas dona de ti// e señora de falar // señora de decidir // e dona de se negar”. Creo que non preciso explicarme máis, non si?

Pero volvamos ao rego, como dirían os nosos antergos cando os bois tiraban do arado que “fería” cariñoso a terra para sementar.

O material que recollín na librería trataba, entre outros moitos temas da pandemia. Desa “señora todopoderosa” que entrou a sacos nas nosas vidas e que nos ten aqueloutrados de tal maneira que andamos pola rúa fuxindo dos amigos, que temos medo ata do medo, como dixó o cantante. Non vou entrar en datos estatísticos por aburridos e de sobra coñecidos. Vou facer miñas as palabras do colega Ignacio Ramonet, veciño noso de Redondela e que ten, aquí en Pontearreas, familiares; vaia para todos eles esta miña humilde reflexión. Ramonet fala

das andanzas dun cruceiro, entre outros moito: “La odisea del “Zaandam”, crucero maldito”.

Aquí deléitanos cunha reportaxe sobre o que el chama pequenas cidades flotantes. As naves son o mundo, ou os mundos que levan dentro, constitúen unha metáfora frecuente no imaxinario da creación artística. Metáfora que nos fala da nosa realidade e sobre todo do noso destino.

Dous exemplos: En Titanic (1997) James Cameron fai unha alegoría do capitalismo industrial de principios do século XX, coas súas clases sociais, a súa alienación e as súas ambicións. Na súa xenial

ecosistema planetario. Acóllenos no seu ventre interior, protéxenos do perigo exterior; está rodeada de natureza por todas partes.

Unha natureza que os cruceiros, paradoxicamente, están contribuíndo a degradar como veñen denunciando todas as organizacións ecoloxistas (consomen millóns de litros de fuel pesado, un petróleo case bruto, nefasto para a calidade do ar). Pero a éxtase da viaxe fai desaparecer calquera conciencia ecolóxica. Nun cruceiro créase a ilusión desmaterializada do mundo. A base de artefactos e de seducións pretende crear a idea de que o viaxeiro está inmóbil no seu asento,

mundo) esforzábanse por restarlle gravidade á crise sanitaria. Mantiveron os cruceiros programados aínda despois de ser advertidos polas autoridades sanitarias do risco. Todos os xerentes disimulaban a envergadura das ameazas. Arnol W. Donald, presidente de CarnivalCorp, por exemplo, tivo a osadía de soste que os viaxeiros corrían menos perigo nun cruceiro que en calquera outro lugar. Sábese que en lugares pechados o virus propágase a unha maior velocidade. No portavións norteamericano Theodore Roosevelt un milleiro dos 4.500 homes a bordo deron positivo en marzo. Outro caso foi

tráxico erro. Como sucede nas traxedias gregas: desexando fuxir da fatalidade acontece que se tropeza co funesto destino que, precisamente, se pretendía evitar. Foi o que lle pasou aos viaxeiros do MS Zaandam. O día 7 de marzo xa as autoridades tiñan advertido que se evitara viaxar, precisamente, en cruceiros.

A mediados de maio quedaban 60.000 tripulantes nuns noventa cruceiros parados nas augas de Barbados. Dous buques errantes chegaron fronte as costas de Florida; sabían que as autoridades non lles ían dar permiso para desembarcar. O propio Donald Trump declarou: “debemos axudar a esa xente; están morrendo e temos que facer algo”. El sabía que tiña parte da responsabilidade por preferir satisfacer os intereses das compañías en vez de defender os pasaxeiros. Unha investigación do xornal Wall Street Journal demostrou que a principios de marzo, os operadores de cruceiros tiñan amplas probas para crer que a súa frota de cruceiros de luxo eran incubadoras do novo coronavirus. Aínda así, seguiron enchendo cruceiros con pasaxeiros, pondo en perigo os que estaban a bordo e axudando a estender a pandemia do covid-19 a Estados Unidos e a todo o planeta.

Para a industria dos cruceiros ese comportamento resultou ser un desastre absoluto. As accións das principais naveiras desplomáronse ata un 77%.

Os propietarios do Zaandam están pensando en cambiarlle de nome para esquecer a traxedia, pero o que sí tiña que cambiarse é o modelo de explotación dos cruceiros: funesto para a natureza, para os tripulantes e viaxeiros. Aquí confirmase aquela xusta observación de Carlos Marx segundo a cal “o capitalismo tende a destruír as súas dúas principais fontes de riqueza: a natureza e os seres humanos”.

O noso agradecemento ao colega Ignacio Ramonet por ofrecernos esta valiosa información que debe servirmos de reflexión sobre todo o que se coce arredor desta pandemia que ninguén convidou a sentarse á mesa pero que se comporta como un convidado especial nas nosas vidas.



obra “E la nave va” (1983), Federico Fellini mete nunha embarcación ficticia a todo o mundillo da “belle époque”. Ámbalas dúas películas evócannos unha sociedade que desaparecerá para sempre no naufragio das violencias da primeira guerra mundial.

Desaparecerá a nosa barrida hoxe con tanta ferocidade pola tempestade do covid-19? Tal vez nos responda a análise do acontecido nestes últimos meses a bordo dos cruceiros e seus tripulantes, sorprendidos en plena viaxe de deleite polo furacán pandémico, que nos interroga e nos fascina.

Nun cruceiro hai de todo a bordo, como na vida mesma; menos, e isto é moi significativo, a natureza. Non hai árbores, nin bosques, nin ríos, nin animais salvaxes como non os hai nos nosos apartamentos. Todo o natural está fóra; todo o cultural está dentro. Non se mesturan. O cruceiro é, precisamente, unha sorte de illa mecánica que penetra flotando no

que é o mundo o que desfila diante dos seus ollos. É a alienación turística por excelencia.

Igual que en calquera sociedade neoliberal, nun cruceiro hai un poder aparente, o do capitán e o dos seus oficiais, e un poder real, o dos xerentes da empresa propietaria que o deciden todo. Pero, en última estancia invisible por enriba deste, do capital financeiro, está o poder dos accionistas, dos fondos voitre que son os verdadeiros propietarios do capital das naveiras. Son os que achuchan sen piedade aos empresarios para que reduzan gastos e incrementen beneficios. Por iso, a principio de marzo pasado, os barcos saíron ao mar cando xa era temerario facelo, coa epidemia desatada no mundo. Esixíanos os accionistas; ordenábanos os empresarios; executáronos os capitáns e pagáronos coas súas vidas os tripulantes e os viaxeiros.

As grandes liñas de cruceiros (sobre todo as catro maiores do

o portavións da Armada francesa Charles Degaulle no que máis de mil tripulantes se contagiaron.

Dende xaneiro en varias naves xa se produciran serias alarmas por contaxios de coronavirus. A situación máis grave tivo lugar nun barco propiedade de CarnivalCorp, o “Diamond Princess”. Comezara o 20 de xaneiro un cruceiro de dúas semanas; finalmente rematou nun molle de Xapón con todos os seus viaxeiros pechados nos camarotes sen permiso de saír porque 712 persoas das 3711 que viaxaban tiñan contraído o coronavirus. Dez tiñan morto; nese momento era o foco de infección maior do mundo fóra da China. Isto non foi suficiente para que as autoridades internacionais ordenaran paralizar os cruceiros. O doctor Michael Ryan da OMS dixó, daquela, que se tiveran que interromper todos os cruceiros do mundo, “a onde iríamos a parar”.

A idea de fuxir da pandemia nun cruceiro ía converterse nun

## Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

### 12-X (I): o fracaso de Galicia en Común

Principiamos esta xeira de análises sobre as pasadas eleccións nacionais do 12-X enxergando o grave fracaso de Galicia en Común-Anova-Marea. Porque o afundimento dos comúns é unha das conclusións ben rechamantes da xornada electoral. O partido En Marea (que este día partillou a coalición Marea Galeguista acadando só o 0,22% dos votos) integraba no verán de 2016 tamén este espazo, malia os malfadados ataques do Podemos de Echenique e Pablo Iglesias para hexemonizar un proxecto no que nunca acreditáron. Despois viñeron acontecementos tan negativos como o espectáculo de Luca Chao primeiro e a indigna argallada da mi-

nistra Yolanda Díaz e do desubicado Gómez-Reino despois ao lle impor á representación parlamentaria estatal de En Marea o voto a prol dos peores Orzamentos estatais para Galicia dende a época de Aznar. Aquí naceu o mito da deputada Alexandra Fernández, ao votar en contra desta arbitrariedade. A xove viguesa é hoxe deputada electa do BNG, tracexando o percorrido que o 12-X reproduciron dúcias de milleiros de persoas electoras.

Os comúns afundíronse co 3,93% de votos fronte ao 19,07% obtido polo espazo mareante no 2016. Máis de 50.000 votos guindados ao cubo do lixo da historia absolutamente improdutivo. A ministra Yo-

landa Díaz non é quen de quitar un deputado nas eleccións nacionais do seu País. Xosé Manuel Beiras pecha o ciclo de AGE escribindo un cero no taboleiro das marcas. Un acontecemento quizais radical, mais concorde cos efectos producidos polos erros duns e doutros actores do espazo mareante.

Como é posíbel que o ciclo dos 9 deputados da AGE das eleccións nacionais de 2012, dos 14 de En Marea nas mesmas eleccións de 2016, das alcaldías coruñesa, compostelá e ferrolá das locais de 2015 e dos seis deputados ao Congreso nas estatais de decembro de 2015 e os 5 das mesmas eleccións de xuño de 2016 remataran deste xeito? É só un problema nado das agresións unionistas de Podemos contra un espazo que obtivo grande parte do seu éxito do seu expreso recoñecemento do dereito a decidir de Galicia? Non, tamén influíu a

deficiente gobernanza local, o desleixo dos seus dirixentes a respecto dos principais problemas do día a día do País e das persoas das súas clases medias e traballadoras, o seu adanismo e a súa falla de conexión coa realidade. Non souberon porse no centro do seu electorado e atenderon andrómenas exóticas como o veganismo ou o decrecionismo no canto de analizar e tentar resolver os verdadeiros problemas reais da xente do común nas nosas cidades e no noso País.

E, ultimamente, pensaron que os problemas da nosa xente resolvíanse desde Madrid. Velaí que cometeran erros definitivos e nunca desculpábeis, polo que o ditame dos votos galegos sexa xa irreversible.



### 12-X (II): a nidia derrota de Gonzalo Caballero

Gonzalo Caballero asinou o peor resultado da historia das eleccións nacionais galegas dende 1981 (14 deputados) para o PSdeG, cun 19% de votos. Aínda fixo boa a malleira sufrida polo seu tío Abel Caballero no 1997 (15 deputados), cando o secretario xeral Paco Vázquez era quen máis ordenaba.

Claro é que non estamos no 2016. Dende hai dous anos o PSOE ten o Goberno do Estado, gañou por primeira vez as eleccións estatais en Galicia en abril de 2019 (arredor do 32% dos votos) e case empatou as seguintes de novembro de 2019 co PP, non lonxe do 30%. Gañou nas

locais de maio de 2019 as alcaldías d'A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Vilalba ou Burela, mantendo as de Vilagarcía de Arousa, Vigo, Lugo e Monforte de Lemos e máis todas as Deputacións galegas agás a ourensá. Non, non é comparábel a catástrofe do 12-X de Gonzalo Caballero co mal resultado de Xaquín F. Leiceaga de setembro de 2016.

Caballero amosou fasquía de delegado do Goberno do Estado, máis sanchista aínda ca o Iván Redondo. A cidadanía preocupada polo futuro das Pontes, Cereda-Meirama, A Mariña ou, en xeral, a industria electrointensiva non recibiu nin-

gunha mensaxe favorábel aos seus intereses. Como ben lle consta ao alcalde das Pontes e presidente da Deputación coruñesa, Valentín G. Formoso, que mantén un explícito silencio.

Caballero tampouco traballou ben a fronte interna, ao impor xente da súa contorna e afección tanto para a Executiva Nacional do PSdeG como para integrar as candidaturas electorais galegas deste día. Velaí que agora non pode esixir adhesións inquebrantábeis. Pachi Vázquez ven de lembrarllelo: "quitei 18 deputados no 2012 e Gonzalo Caballero foi o primeiro que pediu a miña dimisión o día seguinte". Ten razón o carballiñés, malia que cómpre lembrar que Pachi Vázquez foi tamén o primeiro en pedir a dimisión de Touriño na noite do trunfo de Feijóo do 1-M de 2009, malia quitar 24 deputa-

dos.

Seica Gonzalo Caballero ten complicada a súa continuidade. Na xuntanza do Comité Nacional Galego do PSdeG (máximo órgano entre Congresos) para avaliar as eleccións do 12-X faltaron as alcaldes d'A Coruña e Lugo, os alcaldes de Compostela, Vigo, Vilagarcía (actual presidente da FEGAMP), Ferrol, Ames, O Barco (pasado presidente da FEGAMP e As Pontes (actual presidente da Deputación coruñesa). As presenzas falan, mais convirán comigo que as ausencias aínda falan máis nidia-mente.

Iso si, o 32% obtido en Vigo por Abel Caballero amosa unha hexemonía inédita que nunca acadou Paco Vázquez en procesos electorais non locais. En Vigo non impera un estado de ánimo. Impera un estado de conciencia.

### Sorpasso e volta ao 1997

É chocante que despois do ciclo aberto polo 15-M en 2011 e pola época do éxito electoral das Marés (eleccións locais de 2015, xerais de 2015 e 2016 e, en boa medida as autonómicas de 2016) os resultados deste 12-X de 2020 sexan cuspidiños aos daquel lonxano 1997, cando Fraga quitou 42 deputados para o PP (os mesmos ca Feijóo arestora), Beiras 18 para o BNG (Ana Pontón rachou onte este récord acadando 19) e Caballero 15 para o PSOE (daquela foi o tío Abel, hoxe alcalde absoluto de Vigo, mentres que agora o sobriño baixa un empatando a peor marca histórica do PSdeG nunhas eleccións nacionais galegas: os 14 de Xaquín Leiceaga en 2016).

O trunfo de Feijóo (48% dos votos,

unhas décimas e un deputado máis ca no 2016) é evidente e cómpre recoñecerllo sen disputa ningunha. Si é verdade que a súa base electoral é máis rural ca urbana, máis de persoas idosas ca de persoas máis novas, mais todos os votos son iguais e haberíamos gravar esta regra a lume nos nosos miolos. Feijóo afunde a Vox e Cs (que quitaron cadanseus 2% e 0,74% de votos) e ponse 12 mil votos por riba da suma dos comúns, socialistas e nacionalistas, rachando a clara vitoria das esquerdas das dúas eleccións xerais de 2019 e das municipais. Nidío é que a xestión do Covid, malia as graves chatas na súa xestión sanitaria e de servizos sociais, beneficioulle. De calquera xeito comeza unha lexislatura cunha ampla e anovada

vantaxe que afortalará a tendencia a adoptar as decisións económicas, ambientais, universitarias, educativas, sanitarias...que compoñen o seu programa de máximos.

Mais o electorado alternativo elixiu concentrar moitos votos no BNG de Ana Pontón, que bateu os records de Beiras acadando case a cuarta parte dos votos, mentres o PSOE ficaba por baixo do limiar do 20%. E, deste xeito, Ana Pontón visualízase como líder indiscutíbel da oposición, en proceso de alargamento da base electoral do soberanismo cara ao galeguismo até de agora exterior ao BNG e tamén cara ao espazo progresista en xeral, papándolle moi boa parte do espazo da esquerda estatal.

Porque foi a esquerda española a grande derrotada. Para o PSOE ficar terceiro, con menos do 20% e cos mesmos deputados

ca no 2016 é un gravísimo fracaso, moito máis se pensamos que o PSOE gañou as eleccións xerais de hai un ano e case empatou as de hai oito meses. A carreira política de Gonzalo Caballero, que colleitou un fracaso semellante ao do seu tío Abel no 1997 está moi en dúbida, porque ademais está lonxe de ter contentas ás bases socialistas ao longo do País.

O grande fracaso dos Comúns ao obter menos do 4% de votos (o limiar para entrar no Parlamento é do 5%) é o máis sobranceiro responsábel da maioría absoluta de Feijóo. O 0,20 % de votos da innecesaria coalición de En Marea e Compromiso por Galicia confirma na irrelevancia a persoas que non perceberon que rematará o seu ciclo. Estas forzas, canda Podemos, EU e Anova desaparecen da escea parlamentaria, onde fican as tres mesmas forzas ca no 1997 e, ademais, en posicións moi semellantes.

# Eleccións ao Parlamento Galego 2020

## A Coruña, o grande feudo do PP?

**Os “populares” acadaron case a metade dos escanos pola provincia da Coruña dobrando ao BNG mentres que o PSdeG quedou a tres escanos do Bloque.**

As eleccións autonómicas do 12 de xullo reflectiron na Coruña o mesmo comportamento que as outras tres provincias. Unha victoria máis que absoluta do PP fronte a dúas forzas políticas, BNG e PSdeG, que aínda sumando os seus resultados, quedan a tres postos do partido de Feijóo.

A Coruña ten vinte e cinco escanos no Parlamento de Galicia, un terzo do total, 75, por tanto a provincia con máis peso dentro da cámara autonómica. Os principais partidos que concorrián a estas eleccións PP, PSdeG, BNG e En Común sabían que entre esta provincia e Pontevedra xogaban grande parte da súa representación no Pazo do Hórreo.

Aínda así, BNG e En Común tiñan en cabeza de lista aos seus candidatos á presidencia da Xunta, Ana Pontón e Antón Gómez-Reino, respectivamente. O PP e o PSdeG

presentaban os seus candidatos por Pontevedra, Alberto Núñez Feijóo e Gonzalo Caballero. Ao primeiro isto non lle pasou factura, ao segundo, a súa recente aterraxe puido influír sobre uns resultados que non moveron o número de representantes socialistas con respecto á anterior lexislatura, 14.

### Escanos e votos

A maioría absoluta para A Coruña está en 13 parlamentarios, os “populares” superaron con un escano máis esa maioría. Ségueos o BNG coa metade de asentos, 7, quedando en segunda posición, mesmo posto que no Parlamento. O terceiro posto, o mesmo que ocupará na cámara galega, é para a forza menos votada, o PSdeG, que recolle catro escanos. A outra forza política que esperaba representación pola Coruña, En Común, quedou fóra do arco parlamentario cun 4,43% dos votos escrutados, a algo máis de medio punto do

5% necesario para entrar no Hórreo.

A participación rozou o 58% mentres que a abstención chegaba a un 42%. Os votos nulos non chegaron ao 1% cifra que si acadaron os votos en branco. En total, emitíronse 537.922 votos en toda a provincia. O PP chegou aos 262.378, quedando a cinco mil votos da metade do escrutinio. Pola súa parte, o BNG aglutinou os 132.659 votos que o sitúan con máis de 43.000 votos por riba do PSdeG, que levou 89.285 papeletas en toda a provincia.

### Os números un

A cabeza de lista por A Coruña era ata hai uns anos o posto de lanzamento para os candidatos á Xunta de Galicia. O territorio provincial acolle a algo máis da metade da poboación galega e dentro del están tres das sete grandes cidades, a capital provincial, a sede do Goberno galego e o Parlamento, Santiago de Compostela e Ferrol.

Aínda con todo ese peso, dous dos principais candidatos decidiron encabezar listas pola outra provincia máis poboada, Pontevedra. Así, Alberto Núñez Feijóo encabezaba a lista do PP e Gonzalo



Ángles Vázquez, cabeza de lista do PP pola Coruña



Ana Pontón, cabeza de lista do BNG pola Coruña



Pablo Arangüena, cabeza de lista do PSdeG pola Coruña



Antón Gómez-Reino, cabeza de lista de En Común pola Coruña

Caballero, natural da provincia, lideraba a do PSdeG. Pola súa parte, Ana Pontón púxose á fronte das listas do BNG coruñés e o mesmo fixo Antón Gómez-Reino, candidato de En Común. O PP da

Coruña presentaba a Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente en funcións e o PSdeG era encabezado por Pablo Arangüena, voceiro e vicesecretario xeral da executiva do partido en Galicia.

## Resultados electorais en Lugo e Ourense

### Lugo

A provincia de Lugo rexistrou 165.145 votos de participación, case o 60% de participación. As principais candidaturas, PPdeG, PSdeG, BNG e En Común tiveron uns resultados moi marcados entre eles. Por unha banda os “populares” conseguiron 9 dos 14 escanos por esta provincia, cun total de 89.125 votos, o que significa o 54,69 % do censo.

Pola súa parte, o BNG foi a segunda forza máis votada, recollendo 3 actas de deputado ao Parlamento galego, con 35.095 votos, o que supuña o 21,54 %

dos votos escrutados.

O PSdeG tivo 2 deputados, con 28.373 votos, o que implicaba o 17,41 % dos votos emitidos. En Común nin sequera chegou ao 3% de participación.

### Ourense

O denominado “feudo” do balneario e un dos principais focos de votos para o PPdeG, tamén disputaba 14 escanos como a provincia de Lugo. O número de votos contabilizados foi de 156.747, que se traduce nunha participación do 60,79 %.

Como era de esperar, o PP galego tivo os mellores resultados recollendo 8 escanos, grazas aos 82.514 votantes que lle outor-



María Sol Díaz Mouteira, cabeza de lista do PP por Ourense.



Olalla Rodil, cabeza de lista do BNG por Lugo.



Noa Presas, cabeza de lista do BNG por Ourense.



Elena Candía, cabeza de lista do PP por Lugo.



Patricia Otero, cabeza de lista do PSdeG por Lugo.



Marina Ortega, cabeza de lista do PSdeG por Ourense.

garon a súa confianza, reflectíndose nun 53,13 % de votos escrutados.

O BNG conseguiu 3 escanos

por esta provincia, con 30.978 votantes e unha porcentaxe do 19,95%. O mesmo número de escanos, 3, foi parar ao PSdeG que

apañou 30.583 votos o que supuña o 19,69 da participación. En Común só tivo unha participación do 2,15%.

## Galicia

### Eleccións ao Parlamento Galego 2020

## Resultados en Pontevedra

A provincia de Pontevedra afrontou as eleccións autonómicas cunha particularidade, dous dos cabezas de lista con maior peso encabezaban as respectivas candidaturas polas súas formacións políticas. Alberto Núñez Feijóo polo PPdeG e Gonzalo Caballero polo PSdeG. O BNG presentaba a Xosé Luis Bará como número un. En Común presentaba a Eva Solla como a principal candidata.

Os resultados foron unha copia do acontecido durante a noite electoral. O PP acadou uns resultados positivos moi amplos, seguido do BNG como segunda forza política e o PSdeG quedaba en terceira posición, iso sendo o seu cabeza lista o candidato a presidente da Xunta. En Común desaparecía do mapa

electoral pontevedrés.

Os vinte e dous deputados que representarán a provincia no Parlamento galego quedaron repartidos como vai:

PPdeG 11 parlamentarios co 42,4% dos votos emitidos. O BNG leva 6 escaños co 24,7% dos votos escrutados e o PSdeG quedou con 5 escaños e unha porcentaxe do 23,1%.



Gonzalo Caballero, cabeza de lista do PSdeG por Pontevedra.



Alberto Núñez Feijóo, cabeza lista do PPdeG por Pontevedra.



Luis Bará cabeza de lista do BNG por Pontevedra.

## Monte das Moas será peonil a partir do día 3

A Concellería de Mobilidade do Concello da Coruña peonalizará a rúa Monte das Moas, en concreto, do tramo que vai da avenida da Concordia á rúa Ángela Blanca Soto, para o que tomará como modelo o que se utilizou na reconversión das rúas Compostela e Alcalde Marchesi. A partir deste luns, a vía non soportará a circulación de vehículos, agás a dos destinados á carga e descarga, que poderán transitala até as once da mañá, tal e como se autoriza nas demais rúas peonís da cidade.

Para alertar a cidadanía sobre este cambio, instalaranse bordos e macetas que impedirán o paso do tráfico rodado, nunha aposta do concello pola calidade de vida e arquitectónica. A intención é facer da Coruña un

exemplo de sustentabilidade e que os barrios poidan desfrutar de espazos de convivencia.

Monte das Moas será peonil até o 15 de setembro mais desde Mobilidade estase estudando que esta condición sexa definitiva e que a rúa se sume a unha serie de intervencións de peonalización dentro do plan Coruña Camiña. Deste xeito, o concello responde a unha das peticións que formalizou no seu momento a Asociación de Veciños Oza-Gaiteira-Os Castros.

O Plan de Mobilidade do concello incluírá a reforma dos Cantóns, de parte do Paseo Marítimo e de arterias emblemáticas como Santo André, a favor dunha mobilidade en que "A Coruña camiñe" por zonas verdes e amables e non circule en coche a máis de 30 Km/h.

## A Deputación da Coruña iniciará as xestións para transferir os seus centros educativos de asistencia a menores á Xunta de Galicia

**Dous institutos de Secundaria e FP, un Conservatorio de Danza e dous centros asistenciais de menores supoñen para a Deputación un custe de máis de 14 millóns de euros anuais, a pesar de asumir competencias impropias**

A Deputación da Coruña iniciará as xestións para transferir os seus centros educativos e asistenciais de menores ás consellerías de Educación e Asuntos Sociais da Xunta de Galicia e, mentres duren as negociacións, demanda un novo convenio que garanta a transferencia de fondos necesarios para cubrir os custos destes centros. Así o aprobou hoxe o pleno da Deputación cos votos a favor de PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica e a abstención do Partido Popular.

A pesar de que goberno galego ten competencias plenas en materia de ensino e servizos sociais, a Deputación da Coruña ten a titularidade de dous centros de ensino secundario e Formación Profesional e de centros como o Fogar Infantil da Coruña e o Centro de Día de

Menores de Ferrol aos que destina cada ano un total de 14.055.116,6 € dos seus orzamentos, fronte a unha achega da Xunta de 898.902 euros.

Estes son os datos nos que se basea a moción presentada polo Goberno da Deputación, integrado por PSdG-PSOE e BNG, que propón iniciar a transferencia dos centros educativos e asistenciais e, mentres se desenvolven as negociacións, formalizar un novo convenio que garanta por parte da Administración autonómica a transferencia de fondos necesarios para cubrir os custos dos centros.

A moción, que foi aprobada no pleno de hoxe cos votos a favor de PSdG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica e a abstención do PP, afecta ao Instituto de Ensino Secundario Puga Ramón, o IES-Residencia

Calvo Sotelo, o Conservatorio profesional de Danza eo Fogar Infantil Emilio Romay da Coruña e tamén ao Centro de Día de Menores de Ferrol.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, indicou que o feito de a Deputación manteña a titularidade destes centros "supón un anacronismo histórico" e lastra económica, ano tras ano, os orzamentos da institución en detrimento dos concellos. "Son máis de 14 millóns de euros temos que dedicar cada ano a financiar servizos esenciais, pero impropios dunha Deputación", afirmou o presidente, que se mostrou disposto a "negociar coa Xunta" un marco de financiamento durante un prazo determinado, sempre e cando a administración autonómica asuma uns centros que son



da súa competencia.

"Mantemos dous institutos, un conservatorio, un fogar infantil e un centro de menores, con custos desorbitados tratándose de competencias impropias que teñen que ser asumidas pola administración autonómica", sinalou tamén o portavoz do PSOE, Bernardo Fernández que apelou "responsabilidade institucional para que a Xunta xestione as súas propias competencias"

A voceira do BNG, María Muíño insistiu en que a educación e os servizos sociais son competencia

da Xunta de Galicia e "falamos duns orzamentos de máis de catorce millóns cando non achega nin un deles para o seu mantemento" e apuntou tamén que se velará nas negociacións por "garantir os postos de traballo e os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras dos centros".

Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica votaron tamén a favor da iniciativa, mentres o PP se abstuvo argumentando que o goberno provincial "non quere ningunha competencia e si que desaparezan as deputacións".

## O Festival de Cans adicará a súa XVII edición ao director Chano Piñeiro aos 25 anos do seu pasamento

Ademais, a cita cinematográfica abrirá a súa nova edición coa estrea do filme "A Illa das Mentiras", que é o debut da directora Paula Cons antes da súa estrea definitiva en salas.

A XVII edición do Festival de Cans celebrarase entre os días 2 e 5 de setembro e será todo o encontro unha homenaxe ao director Chano Piñeiro polo vinte e cinco aniversario do seu pasamento. Tanto é así que o cartaz do festival está dedicado á figura do realizador de títulos representativos do audiovisual galego como son "Mamasunción" e "Sempre Xonxa". Esta dedicación faise coa figura do personaxe Caladiño.

En vista das actuais circunstancias relativas á presenza do coronavirus, o Festival creará un "escudo protector" sobre os maiores do lugar de Cans. Así, procederá a reducir considerablemente o aforo de persoas asistentes á mostra, a isto súmaselle a eliminación dos concertos nesta edi-

ción. O obxectivo é adaptarse ás medidas de seguridade.

A presidenta da Asociación Cultural Arelas, Keka Losada, explicou que "foi un gran esforzo chegar ata aquí. Queremos facer un certame moi especial, con prudencia e responsabilidade, con moi poucas entradas esta vez". Desta maneira a venda limitada de entradas farase através da tenda online <https://tenda.festivaldecans.com/>. En total serán 200 entradas para os pases de mañá e outras 200 para as sesións de tarde.

### A Illa das Mentiras

A nova edición do Festival comeza coa presentación do filme A Illa das Mentiras, ópera prima da directora Paula Cons. O filme foi elixido para participar no Festival de Shanghai, China, consi-

derado un dos máis importantes internacionalmente. Isto acontece antes de que o filme chegue á plataforma de pagamento Filmin que acontecerá durante a última semana de xullo.

Parte do elenco deste film estará en Cans para o acto de apertura do Festival que terá lugar o 3 de setembro no Salón do Círculo Recreativo Cultural. O aforo estará limitado a 120 persoas logo dunha preinscrición previa que o certame anunciará uns días antes do pase.

O director do Festival, Alfonso Pato, é unha "honra abrir o festival cunha persoa tan querida para nós como é Paula Cons". Pato lembrou que Paula Cons "o pasado ano xa nos avanzou imaxes do film dentro da sección Fillxs de Cans, ademais de que tivemos fe cega no proxecto e as posibilida-



des que aportaba desde o primeiro visionado".

Pola súa parte, a directora declarou que "non se me ocorre mellor sitio para facer a presentación que Cans, porque será a primeira vez que o filme se vexa no seu lugar natural que é unha pantalla grande".

Nesta edición só poderán acceder ás proxeccións, coloquios na Leira, e aduacións persoas que teñan unha entrada, debido á necesidade de ter un control do aforo. Todas as persoas deberán cumprir as normas vigentes de uso de mascarilla, hixiene e distanciamento social.

## Presentación do libro "Anarquismo e Nacionalismo na Galiza. 1840-1940"

"A idea detrás deste libro é desfacer o mito de que as dúas posicións políticas sexan antagónicas"

O libro Anarquismo e Nacionalismo na Galiza. 1840-1940, é unha peza composta a catro mans entre os historiadores Eliseo Fernández e Dionisio Pereira. Este ensaio sobre as relacións entre as ideas anarcosindicalistas e nacionalistas en Galicia, quere desfacer a idea de estarmos ante dúas posicións políticas antagónicas. "O anarquismo organízase desde abaixo e iso está de acordo con calquera movemento de autodeterminación e tamén comparten idearios sociais" di Eliseo Fernández.

A percepción de que ambas as dúas ideoloxías eran incompatibles

procede, segundo os autores, dunha percepción anticuada do cosmopolitismo, "unha visión que quería presentar o capitalismo internacional". Mais con todo, tanto Fernández como Pereira remarcan que "o noso é un libro de historia" cuxo cometido é traer á luz uns feitos practicamente descoñecidos para a maioría.

"Non imos mediar para a creación dunha confluencia entre ambos os dous idearios, maos si podemos confirmar coas fontes que estudamos que si houbo intercambio" entre anarquistas e nacionalistas.

O anarquismo galego "estaba



circunscrito a ámbitos urbanos e vilegos" cunha presenza escasa

dentro do rural. Aínda así, a presenza en Galicia dos idearios anarquistas era moi notable, sobre todo o anarcosindicalismo. A presenza no ámbito rural era escasa "porque durante a República aínda se estaban formando organizacións sindicais agrarias e quen participaba foi vítima da represión".

"O que si temos demostrado é que no ámbito urbano de Ferrol Coruña e Vigo o perfil da persoa represaliada é un traballador e militante da CNT". As razóns desta forte represión "eran que se opuxeran con máis énfase ao golpe de estado". Isto no urbano, mentres que "no rural coa represión

acutouse sobre un espectro moi amplo de xente".

A pesar da aportación de traballos como o de Dionisio Pereira e Eliseo Fernández, os dous coinciden en que sobre estes temas "Galicia é completamente descoñecida, fóra de aquí mesmo persoas formadas, non teñen coñecemento do sucedido, mesmo hai investigadores que levan constantes sorpresas".

"Queremos construír un relato baseado en feitos e non en prexuízos, constatar o que había e poñelo negro sobre branco, para encher un baleiro" sinalan finalmente os dous historiadores.

## O teatro Rosalía de Castro recupera o seu ritmo cun novo semestre do Ciclo Principal

O concelleiro de Cultura, Jesús Celemín, e o director do Teatro Rosalía Castro, Paulo Rodríguez, presentaron o segundo semestre do Ciclo Principal. O edil recordou a honra que supón para esta cidade que o recinto celebre o seu 180 aniversario porque "cando te atopas cun edificio como este, preguntaste pola cantidade de xente que pasou por aquí e que fixo que todo isto tivera sentido".

Para a nova entrega, rescatarán funcións que estaban previstas para esta primavera e que se tiveron que suspender pola pandemia. Deste xeito, o apartado incluírá o 24 e o 25 de setembro, a obra "Nekrassov", de Jean-Paul Sartre, dirixida por Dan Jemmett e protagonizada polo Teatro de La Abadía. En decembro, a programación ofrecerá a posta en escena o 4 e o 5 de "Sueño de Una Noche de Verano", de William Shakespeare, nunha versión de Carolina África, baixo a dirección de Bárbara Lluch. A xove Compañía Nacional de Teatro Clásico contará cun elenco formado por Mariano Estudillo, Teresa Lozano e Anna Maruny, entre outros. Neste caso, o teatro deu a opción no seu momento de conservar a entrada ou devolvela, polo que as persoas que conservaron as súas localidades poderán desfrutar dos espectáculos nestas novas datas.

Ademais, o calendario completárase con "Andanzas y Entremeses de Juan Rana", de Calderón de la Barca, Agustín Moreto e outros, o 9 e o 10 de outubro, unha coprodución de CNTC e Ron Lalá que conta con Yayo Cáceres á fronte. A peza fará reflexionar á butaca sobre os límites do humor nunha homenaxe a unha figura esencial do teatro clásico español. O 17, o teatro acollerá "Don Quijote somos todos", unha comedia inspirada na novela de Cervantes coa dirección de Carlos Martín, en que Teatro del Temple aborda os esforzos dun pobo manchego, de cuxo nome ninguén se acorda, por non desaparecer para sempre.

Neste mes haberá tamén teatro galego con "A conquista da escola de Madhubai", de Hélène Cixous, o 23 e 24, baixo a dirección de Xúlio Lago. Teatro do Atlántico escolle, esta vez, a historia de Salundeva, unha bandida, perseguida pola policía e o exército, acusada do asasinato de máis de trinta homes que a violaran tempo atrás. Por último, o 30 e 31 de outubro, poderase ver "A Compañeira de Piso", de Jen Silverman nunha adaptación de Lilian Portela, dirixida por Belén Pichel e Candido Pazó. Contraproducións recrearase na vida de Sharon (Patricia Vázquez), unha ama de casa de cincuenta e pico anos e re-



centemente divorciada.

Novembro estrearáse o 6 e o 7 con "Shock, el cóndor y el puma", que colle recortes de "La doctrina del shock", de Naomi Klein e mais da historia recente. Andrés Lima encabeza unha coprodución do Centro Dramático Nacional en colaboración con Check-in Producciones, en que se revisa o golpe de estado do xeneral Pinochet e que colocará sobre as táboas a Ernesto Alterio, Ramón Barea e Natalia Hernández, entre outros. O 19, o Rosalía programará "Vidas enterradas", construída por L'Om Imprebis, Teatro del Temple, Micomicón Teatro e Teatro Corsario a partir do programa da Cadena Ser e os textos de Mafalda Bellido, Juan Mayorga, Juan José Millás, Alfonso Plou, Laila Ripoll e Pepe Viyuela. Na obra rescátase a vida e a morte de persoas asasinadas durante a Guerra Civil e o fran-

quismo. Neste caso, será un espectáculo de proximidade e pequeno formato que se realizará en distintas estancias do edificio do Teatro Rosalía Castro, polo que haberá que subir escaleiras. Terá dous pases ás 18.00 e ás 20.30 horas, ambos con capacidade para un máximo de 50 persoas por función, que serán divididos en dous grupos de 25.

"Ana (también a nosotros nos llevará el olvido)", de Irma Correa, chegará o 20 e 21 de novembro da man de Coproduce Unahoramenos e Teatro Pérez Galdós para recordar todas esas pequenas vitorias das mulleres que nos antecederon e o 27 e o 28, "Una noche sin luna", de Juan Diego Botto, sobre os textos de Federico García Lorca, cun Botto tamén protagonista que falará de Lorca desde a sensibilidade do século XXI.

Xa en decembro, poderase des-

frutar o 15 de "Madre coraje", de Bertolt Brecht, nunha produción do Teatro Arriaga e o ciclo pecharase o 18 e o 19 con Verónica Forqué en "Las cosas que sé que son verdad", de Andrew Bovell, baixo a dirección de Julián Fuentes Reta.

### Abonos

As e os abonados poderán renovar os seus carnés do 28 de xullo ao 4 de setembro, ambos os días incluídos, no despacho de billetes da praza de Ourense de luns a venres, ou a través do servizo de televenda: 662867109. Terán reservada a localidade que ocuparon no ciclo na tempada de primavera 2020, a condición de que manteñan o mesmo tipo de abono. As e os interesados en cambiar de asento, de localidade ou de día deberán proceder a formalizar estas modificacións o 7 de setembro polas canles antes citadas.

Ademais, as persoas que se queiran afiliar ao ciclo poderán facelo o 8 e 9 de setembro e a venda de entradas soltas comezará a partir do día 14 de setembro.

O recinto seguirá as indicacións das autoridades sanitarias en cada momento para a prevención da COVID-19. En todas as funcións será obrigatorio o uso da máscara, e segundo o marque a normativa actual -que pode cambiar segundo as circunstancias- a ocupación máxima do teatro será de até un 75% da súa capacidade.

## Inés Rey: "A lingua é riqueza, país, cultura e patrimonio"

Alcaldesa, Inés Rey, afirmou que "a lingua é riqueza, país, cultura e patrimonio", na súa intervención no acto de conmemoración da primeira sentenza ditada en galego organizado pola Irmandade Xurídica Galega, IXUGA, coa colaboración do Concello da Coruña.

Rey referiuse ao ámbito das administracións locais que deben favorecer o uso do galego: "As institucións públicas temos a responsabilidade de impulsar o uso do galego non só para que non se perda,

senón tamén para fortalecelo"

O acto contou coa presenza de José María Gómez y Díaz-Castroverde, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; Consuelo Castro Rey, avogada xeral do Estado; Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística; Xoaquín Monteagudo Romero, presidente da Irmandade Xurídica Galega; Carlos Varela García, Fiscal da Fiscalía Superior de Galicia e Xoán Antón Pérez Lema, avogado membro da IXUGA.





## Os hostaleiros queren a mediación municipal para a convivencia entre o lecer e o descanso

Unión de Hostaleros Ourenseños (UHO), Cociña Ourense, Véxote nos Viños e Asociación de Bares Especiais (ABE) expuxéronlles ao alcalde e ás concelleiras de Urbanismo, Comercio, Seguridade Cidadá e Saúde un documento con peticións e compromisos coa intención de "participar nas propostas, normativas, proxectos, ideas e convivencia veciñal". O goberno comprometeuse a estudar as peticións dos hostaleiros, esgrimindo que se trata dun asunto transversal, garantindo a convivencia harmónica entre o dereito lexítimo dos empresarios, a oferta de lecer e o descanso dos veciños.

Os hostaleiros ofreceron un documento con diferentes pun-

tos: os que contiñan peticións e os que contiñan compromisos. Así, as asociacións profesionais solicitaron a modificación dos horarios de recollida de lixo e limpeza de rúas posterior ao peche das terrazas; pediron a revisión dos horarios de peche; Tamén solicitaron a presenza policial para garantir o cumprimento dos horarios; igualmente, preguntaron pola entrada en vigor da ordenanza anti-botellón.

As catro asociacións solicitaron que se fagan efectivas as sancións para aqueles locais que non cumpran coas normativas de ruídos e de vibracións, para aqueles que non efectúen a súa actividade acorde coa licenza que lle corresponde, e para aqueles que non cumpran horarios e

normativa da Covid19. Esta última, dirixida a todo o concello, "sen discriminación de zonas".

Pero os hostaleiros tamén ofreceron a súa colaboración: adquiren o compromiso de cumprir cos acordos municipais; préstanse á difusión e petición a todos os integrantes do sector- do compromiso de cumprimento dos horarios; a solicitar sancións para aqueles que incumplan as normativas, especialmente as hixiénico sanitarias; e tamén a difundir a normativa de ruídos.

A representación municipal comprometeuse a estudar as peticións dos hostaleiros, esgrimindo que se trata dun asunto transversal entre as diferentes concellerías, garantindo en todo



Bares na Rúa Viriato de Ourense.

momento a convivencia harmónica entre o dereito lexítimo dos empresarios, a oferta de lecer e o descanso dos veciños, e sempre dentro dos parámetros da legalidade vixente.

## Xogos inchables e acuáticos para dinamizar o pequeno comercio

O Concello de Ourense desenvolverá no mes de agosto a campaña 'Móllate co Comercio', unha iniciativa que pretende axudar a dinamizar o pequeno comercio da cidade e darlle un incentivo aos cativos da cidade. Así, todos os martes e xoves haberá inchables e xogos acuáticos repartidos por todos os barrios, con acceso gratuíto con resgardos de compras superiores a 5 euros.

Esta campaña susténtase sobre tres realidades, en palabras da concelleira de Comercio, María del Mar Dibuja: "O pequeno comercio precisa da nosa axuda, os nenos foron os máis afectados durante a pandemia, e vivimos nunha cidade moi calorosa". Busca a súa Concellería implicar a país, nais e cativos: que saian xuntos a comprar, e que o fagan no pequeno comercio da cidade.

O parque do Barbaña, o xardín do Posío, A Ponte, A Farixa,



Acto de presentación da campaña.

Santa Teresita, o Campus universitario das Lagoas, Barrocás e Os Remedios son as zonas nas que se emprazarán estes inchables e xogos acuáticos. Será en horario de tarde todos os martes e xoves do mes de agosto.

Carlos López, da empresa Saudeter -encargada de levar a cabo as actividades-, asegurou que se tomarán todas as medidas de seguridade para crear contornas seguras: os grupos serán de 15

rapaces máximo, e ademais das medidas recomendadas, nós engadiremos máis para garantir a seguridade de todos os participantes". Os menores de 14 anos, en calquera caso, deberán ir acompañados dun adulto.

Logo da presentación da campaña, a concelleira dirixiuse a todas as asociacións de comercio da cidade para explicarlles a iniciativa a para animalas a participar e a divulgala.

## A glorieta de Pardo de Cela estrea un moderno sistema de iluminación



Glorieta da rúa Pardo de Cela.

O Concello de Ourense termina as obras de mellora e renovación da iluminaria da glorieta de Pardo de Cela, que inclúe un moderno sistema de iluminación na súa fonte. A actuación realizada consiste na implantación dun moderno sistema de iluminación na súa fonte, de 8 proxectores de 50 w, moito máis eficientes, que substitúen aos anteriores de 150 w, cos que se consegue unha maior

vistosidade e un importante aforro enerxético.

"Queremos devolver a luz e vistosidade ás rotondas de Ourense, como parte do plan de embelecemento que desde a concellería impuxémonos para ir actuando en todos os puntos da cidade, recuperando a beleza do noso patrimonio, as nosas rúas e os nosos parques para que podamos sentirnos orgullosos do noso Ourense", destaca Jorge Pumar.

## Galicia

Redacción OURENSE

## O alcalde e o presidente da Hidrográfica asinaron tres convenios pendentes

Unha reunión “moi frutífera” e da que “saímos as dúas partes plenamente satisfeitas”. É o resumo do alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, e do presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, á saída da xuntanza na que desbloquearon tres importantes acordos para a cidade: o saneamento de augas residuais en Velle, a senda peonil Untes - Outariz, e unha urxente actuación na Ponte Lebrona.

A mellora do saneamento de augas residuais en Velle é unha actuación de 2.974.261 euros que se achegarán ao 50%- e que consiste na renovación da rede de colectores e a execución dunha in-

fraestrutura para incorporar as augas residuais á rede de saneamento xeral da cidade e o seu traslado á EDAR de Reza. O proxecto foi sometido á información pública e conta con informes ambientais e de patrimonio cultural favorables.

Coa presenza do concelleiro de Infraestruturas, Miguel Caride, e da concelleira de Turismo e Termalismo, Flora Moure, tamén se abordou o acondicionamento da senda fluvial entre Outariz e o regato do Val, en Untes. 5.700 metros na marxe dereita do río Miño que precisan de rozas de vexetación, obras de drenaxe e muros de contención, pavimento abondo para unha anchura de 2,20 metros, e acondicionamento con bancos e

varandas. O importe das actuacións é de 500.000 euros achegados, tamén, ao 50% entre as dúas institucións, que servirán tamén para as expropiacións necesarias.

O terceiro grande proxecto é a instalación dun baruto (tamiz) no aliviadoiro de Ponte Lebrona, no colector do río Barbaña. A urxencia desta obra vén dada polo carácter urbano da zona na que se atopa, e o orzamento de execución ascendería a 85.000 euros financiados íntegramente pola CHMS.

### Río Barbaña

Pérez Jácome felicitouse ao escoitar de Quiroga Díaz a noticia de que o saneamento integral do río Barbaña é un proxecto de “interese xeral” para o Goberno de



A reunión celebrouse na Alcaldía de Ourense.

España, que ten previsto investir 29,7 millóns de euros para paliar os graves problemas de contaminación do río e da súa contorna. “O proxecto podería estar licitado nun ano”, confirmaba o alcalde, “e ver como comezan as obras en ano e medio”.

Ademais, o rexedor amosou a súa satisfacción ao saír da reunión logo de tratar asuntos coma o

do parque acuático-termal ou a construción de senllas rotundas baixo a praza de Concepción Arnal e nas inmediacións do Pavillón dos Remedios, zonas afectadas pola proximidade da canle do río. O presidente da CHMS, pola súa banda, cualificou o encontro de positivo pola “coordinación total e pola disposición das dúas administracións”.

## A canceira municipal está en situación deplorable segundo o PSdeG

O grupo municipal socialista denunciou a deplorable situación de “abandono e suciedade” na que se atopan os arredores do albergue municipal de cans e gatos xestionados pola asociación PROGAPE. Unha situación que veñen denunciando dende hai anos, tanto os partidos políticos como a concesionaria, ao estar situados ao lado do punto limpo da cidade coa problemática de “ruidos e insalubridade” que iso xenera e o estrés engadido aos animais en acollida.

Os socialistas rexeitan por completo esta situación e demandan á concelleira de política social, Eugenia Díaz Abella, que se deixe de “incongruencias” e busquen unha nova ubicación con tódalas garantías sanitarias e de seguridade para o desenvolvemento da canceira. Tanto o Partido Popular como Democracia Orensana descartaron esta nova ubicación votando en contra da moción presentada no pasado pleno do Concello pese a que o propio grupo de goberno presentara unha emenda, fóra de prazo, na que se recollía a

posibilidade de abrir esta vía.

O voceiro socialista, Rafael Rodríguez Villarino considera “inadmisble” que se den palabras para cambiar unha ubicación nun lugar “desafortunado e perigoso” para a propia canceira e onde se lle insiste en tódalas reunións do perigo de incendio da parcela, dado que non se realizan rozas nos arredores e se depositan todo tipo de desperdicios por estar ao carón do punto limpo. O voceiro reitera a necesidade da instalación de cámaras de seguridade para evitar que se produzan estas situacións. Villarino remata anunciando que o partido socialista “loitará para que a canceira teña unhas instalacións novas e adecuadas” e solicita que a lo menos se poñan de acordo entre a concellería de medio ambiente e de servizos sociais para que se tomen as “medidas de seguridade oportunas”.

Pola súa banda, a concelleira socialista, Concepción García Lozano denuncia as “incongruencias” da concelleira de política social, Eugenia Díaz Abella, as cales causaron un



Representantes socialistas na entrada ao Consistorio de Ourense.

“gran malestar e preocupación” na asociación PROGAPE e denuncia que a concelleira está realizando unha labor de pantalla soamente para cubrir expediente pero non hai feitos. García Lozano recorda que “os populares votaron en contra” no pasado pleno sobre buscar unha nova ubicación, mentres que “os socialistas tivemos coñecemento de que se realizaron diferentes reunións da comisión de seguimento da canceira”, entre o goberno e os xestores, ás que “a oposición non temos

acceso a dita información”. A concelleira insiste que se tivo constancia de que nas dúas últimas reunións poscovid da comisión houbo un “acordo unánime” de que se buscaría unha nova parcela no término municipal. Ademais de contradictorio, o grupo municipal socialista preguntase cal é a resposta que se debe dar por válida, se cando votan en contra no pleno ao PSOE ou votan unánime. Por qué se da luz verde nunha moción e stop nun pleno, require García Lozano.

## O Concello de Ourense restaurou un muro da rúa do Hórreo



A rúa do Hórreo está no barrio da Carballa.

A Concellería de Medio ambiente e Perímetro Rural iniciou os traballos de restauración do muro situado na rúa do Hórreo do barrio da Carballa. As obras, por importe de 29.529,13 euros, dan resposta ás solicitudes dos veciños da zona afectados polos danos presentes na devandita infraestrutura. Os traballos realizados de maneira urxente pola concellería inclúen tanto a recuperación integral do muro como a mellora da seguridade na vía, facilitando o acceso ás vivendas da devandita rúa. Jorge Pumar indica que “desde a concellería traballamos para dar resposta e solución aos problemas dos veciños. E esta obra responde as demandas dos veciños desta parte da cidade”.

## O BNG solicita o traslado á Fiscalía do acontecido nunha mesa electoral de Ourense

O BNG ven de rexistrar un escrito para solicitar que as denuncias emanadas pola organización nacionalista durante a xornada electoral do pasado 12X se poñan en coñecemento da Fiscalía e pola Xunta Electoral Galega. O obxectivo da mesma é investigar posibles delitos electorais, así como posibles delitos por coaccións e contra a saúde pública e esclarecer o acontecido na Residencia San José de Ourense.

Durante a xornada electoral do pasado 12X para os comicios galegos, o BNG puxo en coñec-

emento da Xunta Electoral Provincial de Ourense certas irregularidades na mesa electoral de Rairo no Concello de Ourense. A organización denunciou esta situación tras a votación de varios electoras levadas pola dirección da residencia de anciáns de San José e despois de que varias apoderadas deixaran constancia na acta da propia mesa na AVV Santa Mariña de Rairo.

Entre as acompañantes destas electoras atopábanse monxas e persoal do centro e non familiares das mesmas, que aínda a día de hoxe teñen restrinxidas as visitas

á residencia. Paralelamente, a organización nacionalista destacou que as monxas que as acompañaban e o persoal laboral "negáronse a que as familias das residentes puidesen visitalas e o día da votación a xerencia mesma sacounas da residencia para levalas a un local de electoral".

Polo que puido saber o BNG, as votantes, con capacidades físicas mermadas, acudiron a través de vehículos levadas por profesionais da residencia. O BNG fixo constar na propia acta da mesa electoral esta práctica e as matriculas, así como outras que se



Residencia de anciáns San José, no barrio de Rairo.

desenvolveron na mesa de Rairo.

"A labor de vixilancia e garante da transparencia da xornada electoral, non é competencia dunha organización política, se non da Xunta Electoral, á cal como órgano competente para estes fins, trasladamos feitos irregulares que deben ser obxecto de investigación por poder incorrer en posibles

delitos electorais" destacaron desde a formación nacionalista. Asemade, indicaron que tamén se pode estar incorrendo "en posibles coaccións, e mesmo en delitos contra a saúde pública que unha organización política non é competente para investigar para garantir o desenvolvemento democrático dunhas eleccións".

## O PSdeG solicita actuacións para evitar o deterioro da locomotora de A Ponte

O grupo municipal socialista require ao goberno municipal de PP e DO que realicen actuacións urxentes de mantemento e contra o deterioro da locomotora de vapor situada no barrio de A Ponte fronte á estación do Empalme. Esta é unha reivindicación que veñen realizando os concelleiros socialistas dende o comezo de mandato en tódalas xuntas de área de urbanismo e infraestruturas e durante todo o anterior mandato do Partido Popular, mentres o goberno segue no "inmobilismo absoluto".

Esta demanda veciñal parte tamén de diferentes asociacións culturais da zona que nas últimas semanas están a denunciar o abandono do histórico monumento, como son a Asociación Andén Primeiro, a AVV As Termas e a Asociación Vía Vella de Canedo. Polo que dende o seo socialista instan ao goberno do Concello a que realice as xestións correspondentes para que se repare a locomotora á maior brevidade posible e se poida evitar o abandono deste símbolo histórico da cidade.

Os socialistas defenden o "valor cultural e histórico" do monumento que xa é un emblema da Ponte e da cidade. Por elo consideran "indecente" que se deixe perecer un símbolo da chegada e



Os socialistas consideran "indecente" que se deixe perecer un símbolo do ferrocarril.

importancia do ferrocarril na terceira cidade de Galicia, que esmorece froito da "meteoroloxía o desgaste do tempo e o vandalismo" e reivindicán a súa "posta en valor".

### Emblema histórico e cultural

A historia de A Ponte e de Ourense non pode entenderse sen o ferrocarril, de ahí a gran relevancia do monumento situado fronte a actual estación ferroviaria e que simboliza a chegada da primeira locomotora de vapor a Ourense no ano 1881, da compañía MZOV (Medina, Zamora, Ourense, Vigo) o que supuxo a apertura da liña ferroviaria

Ourense-Vigo, marcando un feito histórico para o desenvolvemento da cidade das termas e que, na actualidade, segue a ser a principal infraestrutura de transporte para os ourensáns.

Co paso do tempo a historia do ferrocarril e da propia cidade coverteron a locomotora de vapor noutro emblema "característico, turístico e carismático" para os veciños e veciñas de Ourense e para as persoas que disfrutaban do turismo e que, chegados doutros puntos en tren, nada máis poñer un pé na nosa cidade é a primeira imaxe simbólica que perciben en sinal de recibimento.

## Cenlle colocou un colector do vidro nunca finca privada

O PSdeG-PSOE de Ourense denuncia que a Mancomunidade do Ribeiro, co beneplácito do Concello de Cenlle, e ambas entidades gobernadas polo Partido Popular, sitúe un colector de vidro dentro da propiedade privada dun concelleiro do PP deste municipio do Ribeiro. Os socialistas consideran esta situación como "anómala" e critican que "se vendan favores" cedendo unha propiedade privada para o uso público de colectores de residuos, algo que consideran "ilóxico e totalmente fóra de lugar". Segundo apuntan dende o grupo municipal socialista, o colector de vidro cambiouse de lugar, "cando estaba situado nunha praza pública de fácil acceso" para levalo a esta finca dun concelleiro popular que ademais e tal e como apuntan "está pechada cun aramado, o que dificulta que se poidan depositar as botellas no colector".

Os socialistas lembran que a recollida do lixo é unha competencia da Mancomunidade do Ribeiro, pero que é o Concello de Cenlle o que decide onde se deben situar os colectores, polo que non comprenden que se troque a súa ubicación dunha praza pública a unha finca privada. Dende o grupo municipal Socialista tamén critican que "se teñan que vender favores deste tipo á veciñanza" e afirman que "os veciños e veciñas non teñen porque agradecerlle a un concelleiro que o colector estea situado na súa propiedade, cando debería estar nun lugar público e de fácil acceso".

## A Xunta encarga as obras de conservación da igrexa do Colexio do Cardeal de Monforte

A Xunta de Galicia vén de licitar cun investimento próximo aos 420.000 euros as obras de conservación na igrexa, claustro e áreas de visita pública no Colexio do Cardeal para solucionar as afeccións que sofre o inmueble, entre elas solucionar as gretas provocadas na igrexa polo célebre terremoto de Lisboa de 1755, que aínda que non comprometen á estabilidade das bóvedas é preciso corrixir. As actuacións estenderanse por un prazo máximo de seis meses e resolverán os principais problemas de conservación deste monumento que está en proceso de ser declarado ben de interese cultural.

Para poder desenvolver os traballos necesarios a Consellería de Cultura e Turismo e a fundación Colexio de Nosa Señora da Antiga asinaron o pasado mes de xuño un convenio para a posta a disposición da Administración autonómica deste espazo monumental lugués. Esta actuación resolverá os principais problemas de seguridade de uso e funcionamento do edificio, acometendo obras de conservación que eviten un maior deterioro do ben.

Esta obra forma parte dunha liña de



As obras terán unha duración máxima de seis meses.

traballo da Xunta de Galicia con vistas a reforzar a Candidatura da Paisaxe cultural da Ribeira Sacra a Patrimonio Universal, a un ano vista da súa presentación, estudo e debate no seo da 45ª sesión do Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO.

### Traballos de restauración

Entre as actuacións previstas atópase o selado da greta do muro do presbiterio e a substitución da cuberta de tella da zona do presbiterio. Ademais, corrixiranse as afeccións detectadas, acometendo a consolidación da bóveda do presbiterio, cunha actuación consistente na recolocación de varias doelas descolgadas próximas ao retablo maior, a reparación de gretas e a posta en carga da bóveda.

Finalmente, restaurarase e porase en valor o pasadizo existente tras o presbiterio cunha actuación específica en todos os seus elementos construtivos, apertura de ocos e execución dunha escaleira exterior de evacuación de incendios; aplicarase un tratamento de desinsectación do pavimento e dos elementos móbiles da igrexa, e efectuaranse pequenas actuacións nas carpinterías do tambor da cúpula para evitar a entrada de auga máis importante.

Isto permitirá evitar as filtracións que se están a producir na cuberta do presbiterio e que están a degradar a estrutura da bóveda; arranxar e recuperar o pasadizo que comunica as dúas alas na planta baixa, que se reformou por última vez no ano 1835; revertir a entrada de auga a través das carpinterías do tambor na cúpula, e deter os ataques xilófagos no interior da igrexa que está afectando tanto ao pavimento como a diferentes elementos móbiles.

### Singularidade da Nosa Señora da Antiga

A construción do Colexio da Nosa Señora da Antiga comezouse a finais do século XVI por iniciativa do cardeal de Sevilla don Rodrigo de Castro, para que, rexentado pola Compañía de Xesús, servira para a educación da comarca e de toda Galicia. Os biógrafos do Cardeal descríbennos como un humanista refinado, amante da arte e



O monumento está en proceso de ser declarado ben de interese cultural.

mecenas da cultura que nun momento da súa madurez decide crear unha institución filantrópica na cidade da súa infancia, Monforte, e doarlle a súa colección de obras de arte e biblioteca.

O Colexio de Nosa Señora da Antiga, tamén coñecido, entre outras denominacións, como Colexio do Cardeal ou Colexio da Compañía é un dos expoñentes máis significativos da arquitectura do clasicismo herreriano en Galicia. O inmueble amosa dunha forma tan clara e convincente as regras compositivas, formais e decorativas deste estilo que supuxo, en diversas ocasións, a súa adscrición errónea ao propio Juan de Herrera.

Entre os espazos sobranceiros, ademais da excepcional fachada que preside o Campo da Compañía, debe citarse a igrexa e os seus retablos, así como a cúpula que cubre o cruceiro, a escaleira monumental e os seus claustros. Na mesma liña, cómpre destacar tamén a importancia e valor cultural do seu museo e o rico patrimonio móbile senlleiro que alberga, no que se poden atopar obras de artistas como El Greco, Andrea del Sarto ou Francisco Pacheco, ou documentos e patrimonio bibliográfico dos séculos XV e XVI relacionados cos mecenas do colexio, a Casa de Lemos e, posteriormente, a de Alba.

### Historia construtiva

En 1586 comezou as conversas para a creación do colexio cos Xesuítas, cos que mantiña moi boa relación e cinco anos despois encargou a compra dos terreos e ao ano seguinte as obras saíron a poxa. As obras do colexio comezaron en 1593 co proxecto que redactaron Andrés Ruiz, un xesuíta da escola de Valladolid, e Vermondo Resta, o arquitecto do cardeal en Sevilla.

O inmueble estivo ao longo da súa historia relacionado coa función educativa, se ben pasou por épocas de maior ou menor esplendor. Incluso por etapas de decadencia relacionadas cos danos consecuencia do terremoto de Lisboa (1755), coa expulsión dos Xesuítas (1767), os saqueos das tropas francesas (1809) ou un incendio en 1824.

Xa en mans dos pais Escolapios, que se fan cargo do colexio no ano 1873, o edificio puido rematarse no primeiro cuarto do século XX grazas ao recoñecemento do valor e posterior venta dun dos cadros que constitúen a senlleira colección pictórica e de obras de arte do Colexio. O cadro, obra do pintor flamenco Hugo van der Goes, vendeuse ao goberno alemán por unha importante suma económica que permitiu rematar as obras entre 1919 e 1930 co apoio e supervisión da Casa de Alba.

## A Xunta e os traballadores de Alcoa instan ao Goberno e empresa a que rectifiquen e garantan un futuro para a planta

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria en funcións, Francisco Conde, mantivo un encontro co comité de Alcoa o mantemento do emprego e da actividade. Así, Xunta e traballadores acordaron solicitar a Alcoa para avaliar a situación actual e como afrontar os próximos días de cara a atopar unha solución para que desista de seguir adiante co ERE para que todas as partes implicadas poidan reunirse na mesa onde identificar unha saída que dea continuidade á planta.

O Goberno autonómico reprobou a actitude tanto do Executivo central como da empresa, o primeiro por ocultar información e a segunda por non poñer todos os medios ao seu alcance para chegar a un entendemento: "Agardamos que non haxa un acordo encuberto entre o Goberno e Alcoa para pechar", afirmou o conselleiro. Neste sentido, Conde pediu transparencia ao Executivo -xa que recibiu máis propostas de compra- e incidiu na necesidade de contar cun prezo eléctrico estable e competitivo que garanta a viabilidade da planta: "Cun prezo eléctrico competitivo Alcoa San Cibrao é viable, sen el non hai posibilidades", ase-



Xuntanza do comité de Alcoa.

gurou. Por iso, reiterou a petición da Xunta de convocar a mesa industrial con todas as axentes para coñecer, con transparencia, a información que ten o Goberno e para que este ofrezca certezas tanto no eido enerxético como no das ofertas recibidas.

En canto á multinacional, Conde incidiu en que estamos ante un novo contexto no que existe un posible comprador que fai necesario que se retire o ERE e non se paren as cubas para poder explorar esta oferta. Así, tal e como informou, hoxe mesmo a Autoridade laboral presentará unha advertencia para intentar paralizar o ERE. "A Xunta non vai admitir esta situación e impulsaremos as medidas que permitan paralizar a posición de

Alcoa", anunciou Conde quen lembrou que a empresa ten medios suficientes para lograr un acordo e lembrou que pode recorrer ao fondo de solvencia para empresas estratéxicas para que o Goberno poida intervir de xeito temporal a empresa e outorgar máis tempo para que Alcoa e o posible comprador cheguen a un entendemento.

Conde, que volveu mostrar o seu apoio ás mil familias que dependen da decisión de Alcoa San Cibrao, puxo de novo a disposición das partes os medios cos que conta en materia industrial e enerxética: "Galicia leva moitos anos comprometida con Alcoa e merecemos un trato diferenciado por parte da empresa e do Goberno", concluíu.

## Limpeza dos parques de Lugo para diminuír a pegada dos estornións

A área de Medio Ambiente do Concello de Lugo intensifica a limpeza dos parques Rosalía de Castro e Frigsa para minimizar as consecuencias da presenza de estornións nambolos dous enclaves. "O posible incremento dos exemplares que se aloxan nos espazos verdes do concello, motivado fundamentalmente pola climatoloxía e outros factores ambientais, multiplicou a sucidade nestas contornas volviendo máis notorias para a cidadanía as molestias que ocasionan. Un prexuízo que estamos a combater, primeiramente reforzando



as brigadas municipais que acometen o aseo dos xardíns e que, en vindeiras xornadas se completará, á súa vez, con labores de dispersión das colonias que os habitan", referiu Álvaro Santos.

En xullo concluíu a hixieni-

zación do mobiliario urbano instalado nestas zonas para a que foi preciso mobilizar a catro operarios con hidrolimpadoras, unha manguera a presión e un camión cisterna co fin de eliminar a pegada dos paxaros.

## Programas de conciliación en vinte concellos lucenses

A Xunta publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a ampliación da liña de axudas destinadas a concellos para financiar programas de conciliación familiar, de xeito que aos 16 municipios lugueses inicialmente beneficiarios desta iniciativa súmanse agora catro máis: Oourol, O Saviñao, Taboada e Baralla. A Administración autonómica incrementou o orzamento deste programa co fin de chegar a máis concellos galegos, tendo en conta a demanda rexistrada e o elevado interese que xeran as accións de fomento da corresponsabilidade entre mulleres e homes a través de medidas que aposten pola conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

En canto aos novos beneficiarios, percibirán axudas por un importe conxunto de 34.140 euros, que servirán para financiar unha ludoteca de verán en Oourol (a achega concedida é de 3.360 euros); unha aula de verán no Saviñao (12.000 euros); campamentos urbanos en Baralla (10.202 euros) e actividades na época estival en Taboada (8.577 euros).

Na convocatoria resolta este ano, a Xunta xa aprobara inicialmente axudas que suman 163.700 euros para desenvolver programas de conciliación nos seguintes municipios lugueses: Alfoz, Antas de Ulla, Becerreá, Castroverde, Cervo, Xermade, Guitiriz, Guntín, O Incio, Mondoñedo, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pol, Rábade, Sober e O Valadouro.

O programa de fomento de conciliación non é a única liña de axudas destinada a concellos para a promoción da igualdade. Ademais dela, a Xunta pon a disposición dos concellos galegos outros tres programas de financiamento: de promoción da igualdade entre mulleres e homes e prevención e tratamento da violencia de xénero; de financiamento dos Centros de Información ás Mulleres (CIM); e de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. Os tres primeiros están cofinanciados polo Fondo Social Europeo, mentres que o último está financiado ao abeiro do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero.

## A Mariña en Ruta busca reactivar o turismo

Presentouse en Foz a iniciativa A Mariña en Ruta, impulsada pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense co apoio de Turismo de Galicia a través dun convenio de colaboración. A iniciativa ten por obxecto contribuir á reactivación turística do xeodestino cun programa de rutas e actividades ao aire libre en torno á cultura e a natureza da zona, que se desenvolverán durante os meses de agosto e setembro. A proposta pretende dar a coñecer a contorna natural, botánica, ornitolóxica, cultural, xeolóxica e arqueolóxica do territorio da man de axentes e guías locais.

De xeito complementario a Xunta está a traballar nun plan de reactivación da comarca en colaboración cos diferentes sectores implicados (hostalería, comercio, restauración...) e nos vindeiros días seguiranse a concretar os detalles para a súa posta en marcha.

Entre as liñas de acción figura o aumento do apoio económico da Administración galega ao xeodestino, que se duplicará, así como o proxecto de converter A Mariña nun dos primeiros xeodestinos da Comunidade que conte cun plan de sustentabilidade turística, unha iniciativa na que participan de xeito conxunto Goberno central, autonómico e concellos.

## A frota de Burela aposta polos produtos do mar

A conselleira do Mar en funcións, Rosa Quintana, participou na presentación da campaña Orixe e Destino Galicia para a promoción da pescada e do bonito capturados pola frota de Burela, un evento no que destacou a aposta do sector pesqueiro lucense pola sustentabilidade da actividade extractiva e por valorizar os produtos do mar para que obteñan o prezo que merecen de acordo coa súa calidade.

Quintana destacou a importancia de facer valer os produtos do mar de Galicia fóra das súas fronteiras e conseguir que os clientes os distinguan e os merquen, especialmente aqueles de gran calidade como o bonito e a pescada de Burela. Neste sentido,

incidiu en que as capturas destas dúas especies realizadas pola frota lucense aportan valor engadido ao sector, son unha mostra da aposta pola sustentabilidade pesqueira e permiten ofrecer aos consumidores produtos de proximidade de gran calidade, frescor e sabor inigualable.

A campaña Orixe e Destino Galicia, impulsada pola Organización de Produtores Pesqueiros (OPP) de Lugo, Armadores de Burela SA (ABSA) e Paradores, consiste na celebración de dez etapas para a exaltación do bonito e da pescada en varios paradores nacionais polos que pasan distintas rutas do Camiño de Santiago e que, precisamente, teñen Santiago como punto de partida e de che-

gada. Esta iniciativa, subliñou Rosa Quintana, achegará a consumidores de toda España dous dos mellores produtos do mar de Galicia e dará a coñecer a súa cultura mariñeira.

### Dous produtos clave

Esta acción de promoción pretende dar valor a uns produtos que son fundamentais para o porto de Burela, que o ano pasado concentrou o 28% das descargas de pescada no conxunto de Galicia e o 36% da súa facturación ao tempo que o 63% dos desembarques de bonito, cos que concentrou o 64% dos ingresos derivados da súa poxa no conxunto da comunidade.

Por iso, a titular de Mar en funcións insistiu na necesidade



O bonito de Burela aporta valor engadido ao sector, segundo Rosa Quintana.

de apostar pola promoción dos produtos do mar, fundamentais para unha dieta saudable e esenciais en situacións como a alerta sanitaria polo coronavirus vivida nos últimos meses. Precisamente, entre as medidas incluídas no plan Avantemar elaborado polo Executivo galego para reactivar o complexo mar-industria de Galicia trala pandemia están accións de promoción dos produtos pesqueiros e apoios aos plans de produción e comercialización das OPP.

O plan Avantemar conta cun orzamento para este ano de 77 millóns de euros e 14 millóns para 2021 cos que impulsar a dinamización do sector marítimo-pesqueiro para que acade os niveis previos á pandemia o antes posible e sen que quede ninguén polo camiño. As achegas para as organizacións de produtores pesqueiros enmárcanse nas liñas para dotar de liquidez e financiamento ao sector co obxectivo de garantir a súa sustentabilidade.

## A Xunta ubicará no mesmo edificio os catro xulgados do Social

O vicepresidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, avanzou que o Xulgado do Social nº4 se ubicará xunto aos outros tres do Social no edificio xudicial da rúa Armando Durán, unha vez que o Estado autorizou, despois de varias peticións da Comisión Mixta entre Xunta e TSXG, a posta en marcha dun cuarto Xulgado do Social na cidade de Lugo este ano.

Alfonso Rueda, acompañado do presidente da Audiencia provincial de Lugo, José Antonio Varela, do Fiscal Xefe provincial, Roberto Breznes; da xuíza decana en funcións e titular do xulgado de menores, María Sara Pendás; da secretaria provincial coordinadora, María del Carmen Varela Rebolo; e do director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, visitou a Audiencia provincial da capital lucense onde indicou que alí será reubicado o Xulgado de menores da cidade.

Segundo explicou Alfonso Rueda, trasladarase o Xulgado de Menores para a Audiencia onde



Os 4 xulgados do Social estarán no edificio da rúa Armando Durán.

será acondicionando un espazo que agora está diáfano na planta superior, ao carón do Xulgado de Vixilancia penitenciaria. Ademais, coa vantaxe de que na Audiencia está a Fiscalía Provincial, que é a encargada de investigar os asuntos de menores infractores.

Os actuais tres xulgados do Social atópanse no edificio xudicial da rúa Armando Durán,

pero non existe espazo para o cuarto xulgado do social. Así, para poder habilitar ese espazo, dáse traslado á Audiencia do Xulgado de menores que será acondicionando cunha partida orzamentaria de 75.000 euros para que tan pronto o Ministerio de Xustiza permita o arranque deste cuarto xulgado, todo estea xa listo para que bote a andar o antes posible.

## A Xunta finaliza a modernización da estación de autobuses de Burela



Colocarónse novos bancos e pantallas informativas electrónicas.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de rematar as obras de mellora e modernización da estación de autobuses de Burela, ás que destinou un orzamento de 72.000 euros. Os traballos realizados supuxeron unha significativa mellora da cuberta, tanto da dársena como do propio edificio; así como a renovación da rede de recollida de augas pluviais. O proxecto tamén incluíu o pavimentado da zona de circulación dos autobuses, que presentaba deterioro nalgúns puntos.

Así mesmo, coa finalidade de reforzar os servizos para as persoas usuarias, instaláronse máis bancos na zona de agarda; colocouse unha pantalla electrónica para


informar sobre horarios e liñas de transporte e púxose un novo rótulo identificativo da estación.

As obras serviron ademais para renovar a instalación eléctrica, modernizar os aseos e executar varios traballos de acondicionamento de sistemas de peche, portas, interruptores, pintado da totalidade das superficies ou aplicación de tratamentos anticorrosión, entre outros.

A construción da estación de Burela data do ano 1989. Está emprazada no centro da vila, nun entorno residencial relativamente novo, e ademais de ser un punto de saída e chegada de autobuses comparte usos como estación ferroviaria.

*Vivamos como galegos!* **GADIS**

# #TOU #SER GALEGX MOLA



[vivamoscomogalegos.com](http://vivamoscomogalegos.com)

# A Xunta aprobou a creación da comisión interdepartamental da Ribeira Sacra

Esta comisión será a ferramenta operativa da candidatura a Patrimonio da Humanidade. Este acordo chega a un ano vista de que a Ribeira Sacra sexa presentada e sometida a estudo e debate na 45ª sesión do Comité do Patrimonio Mundial.

A comisión coordinará a aplicación de políticas e accións integradas nun territorio que comprende a 25 concellos de Lugo e Ourense, redundando na mellora das condicións de apreciación e difusión dos valores desta sobranceira paisaxe cultural. Na comisión tomarán parte distintos departamentos da Xunta e entidades de especial representatividade da Ribeira Sacra. No Consello da Xunta deuse conta dun informe no que se repasaron os 6 millóns de euros de investimento executado en materia de rehabilitación patrimonial orientados ao apoio e impulso da candidatura.

Os dous principais obxetivos que cumprirá a comisión serán avanzar con solvencia no desenvolvemento da Candidatura da Paisaxe cultural da Ribeira Sacra a Patrimonio Universal así como coñecer e valorar as situacións deste territorio para concertar o desenvolvemento e a salvagarda do patrimonio no conxunto do territorio.

O decreto fixa a composición, funcións e réxime do que é o órgano de coordinación das actuacións sectoriais dos distintos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma no ámbito relacionado co territorio da Ribeira Sacra e a Paisaxe cultural declarada ben de interese cultural (BIC). Esta ferramenta de xestión ten por obxecto coordinar a aplicación de políticas e accións integradas que redunden na mellora das condicións de apreciación e difusión dos valores da paisaxe cultural, facilitando a participación activa da sociedade e procurando o benestar das comunidades locais, creadoras da paisaxe e garantes da súa conservación.

## Clave de xestión

O novo órgano está chamado a xogar un papel clave no desenvolvemento deste territorio e como ferramenta operativa da candidatura a Patrimonio Mundial da UNESCO. Ao respecto, cómpre lembrar que estas candidaturas, que se desenvolven en virtude da Convención sobre a protección do patrimonio mundial cultural e natural da Unesco, asinada en 1972 e aceptada por España o 4 de maio de 1982, ademais de acreditar o valor universal excepcional dos bens, deben tamén presentar medidas de xestión axeitadas para a súa conservación e establecer canles e ferramentas para a toma de decisións e participación activa de todas as persoas interesadas, principalmente das comunidades locais.

O proxecto de decreto, que entrará en vigor dez días naturais despois da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, foi sometido aos trámites de publicidade, suxestións, informes e consultas previstos na lexislación vixente. Neste sentido, como consecuencia dos diferentes procesos, foron incorporados algunhas melloras na súa forma e contido. Tendo en conta que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Mundial da UNESCO, a comisión estará adscrita á devandita consellería.

## Coordinación de políticas

O anexo VII deste decreto contén unha delimitación da paisaxe cultural declarada ben de interese cultural e da súa zona de amortecemento e, para a aplicación das ferramentas para a súa xestión identifica un ámbito máis amplo composto pola totalidade dos concellos lucenses e ourensáns de Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Pantón, Parada de Lemos, A Peroxa, A Pobra do Brollón, A Pobra de Trives, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río, O Saviñao, Sober, Taboada, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo, aos que,

para a súa xestión coordinada, se unen os concellos de Bóveda, Manzaneda e Chandrea de Queixa, por estar integrados en sistemas de organización relevantes para a salvagarda dos valores da paisaxe cultural nas terras de Asma, Caldelas, Trives e Lemos.

Así mesmo no territorio da Ribeira Sacra existen entidades de especial representatividade das comunidades locais no seu conxunto e as actividades relacionadas coa paisaxe e a súa difusión: os concellos, o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, o Consello Regulador da Denominación de Orixe da Ribeira Sacra, a Asociación Ribeira Sacra Rural, así como os Bispados, as deputacións de Lugo e Ourense e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, entre outras.

## Fomento e impulso

A comisión presentará as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas para unha xestión eficaz con garantías tendente á conservación dos seus valores como paisaxe cultural; fixará as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta, e dará a coñecer os seus resultados; coordinará e fomentará as accións da Xunta, sen prexuízo do exercicio das competencias propias de cada departamento, e apoiará e impulsará as liñas de acción para a protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

Así mesmo, tamén serán funcións do devandito órgano facilitar as medidas necesarias para desenvolver e aplicar a normativa vixente en relación á Ribeira Sacra; elaborar propostas en relación coa situación e potencialidades da Ribeira Sacra como paisaxe cultural; realizar unha avaliación periódica da situación desta; e acometer calquera outra competencia e función relacionada co seu ámbito de actuación, así como as que lle encomende o Consello da Xunta e as que lle deleguen os órganos con competencia na materia.

A comisión estará presidida polo titular da consellería competente en materia de patrimonio



Castelo de Castro Caldelas (Ourense).



Mosteiro de Santa María de Montederramo. (Ourense).



Río Sil desde o miradoiro do Duque, en Monforte.



Chantada, corazón da Ribeira Sacra.

cultural e contará con dúas vicepresidencias primeira e segunda, que lles corresponderá ás persoas titulares da dirección xeral competente en materia de patrimonio cultural e turismo, respectivamente. Finalmente, as vogalías

estarán ocupadas polas persoas titulares de cada unha das consellerías competentes en materia de Medio Ambiente, Territorio, Vivenda, Infraestruturas, Mobilidade, Economía, Emprego, Industria e Medio Rural da Xunta.